

Enquisa de clima laboral

Esta é a terceira enquisa de clima que fai a empresa aos seus empregados nos últimos cinco anos.

Antecedentes

Malia as reticencias dos enquisados, que sempre manifestan as súas dúbidas sobre a confidencialidade da enquisa, os resultados da realizada no ano 2006 mostraron un incremento no descontento xeral do persoal no que fai ao recoñecemento e implicación cos obxectivos empresariais e, sobre todo, unha carga mental importante polo incremento de cargas de traballo e/ou falta de organización e ferramentas axeitadas.

No tempo transcorrido desde aquela última enquisa, as “solucións” aplicadas a eses problemas detectados son, entre outras, a redución de cadro de persoal, a paulatina extinción dos equipos de suplencias, a readaptación continua dos tempos asignados ás tarefas na ADM1...

A solución é que o banco repita a pregunta ata recibir a resposta pretendida?

Nós preguntámonos se talvez só contratan con Towers Perrin a realización da enquisa pero non as propostas de solución aos problemas que se detectan; poderíamos chegar a pensar, visto o ocorrido coas anteriores enquisas, que se trata unicamente de imaxe, por exemplo para cuestións como a Responsabilidade Social Corporativa, porque a verdade é que se de coñecer o “clima” sociolaboral se trataba, xa llelo deixamos claro a maioría de representacións sindicais o pasado 5 de xuño **“QUÉIMANNOS CO TRABALLO, CONXÉLANNOS O SALARIO” NON son estas “temperaturas” suficientemente extremas?**

Somos conscientes de que temos cada vez máis problemas para desenvolver o noso labor no día a día: cadros de persoal xustos, ausencias que non se suplen, tarefas para as que non recibimos formación previa, asistencia telefónica que nun gran número de casos, tras esperas eternas, se saldan con respostas erróneas (máis de 25.000 consultas mensuais dan idea do nivel de formación do persoal), ferramentas de traballo modernas pero que, en moitos casos, son colocadas sen o máis mínimo criterio ergonómico nin a formación previa necesaria, obxectivos comerciais incumpribles, campañas solapadas, prolongación de xornadas, ABSORCIÓNS E CONXELACIÓNS SALARIAIS e tantas cousas máis que todos sufrimos... Para logo encontrarnos con preguntas/afirmacións como **“Cónstame que en BANCO SABADELL traballáronse plans de acción a partir da enquisa anterior.”** Un pouco de seriedade e algo menos de cinismo.


Non abonda saber, débese tamén aplicar. Non é suficiente querer, débese tamén facer. (Goethe)

De todos os xeitos, en CCOO opinamos que é **importante facerlle saber á empresa o que pensamos os traballadores, o contrario só nos levaría a deteriorar máis aínda a nosa situación actual.**

Banco Sabadell xa sabe que dificilmente puido mellorar o clima laboral cando non aplicaron medidas para iso. Con todo, está ben que o constaten de novo. Esperamos que sirva de verdade para mellorar o clima laboral e non sexa un mero trámite para obter premios e cualificacións, como a inclusión no índice bolsista FTSE4good.

Setembro de 2008

Conéctate á nosa web: People > Seccións Sindicais > COMFIA-CCOO > [http:// www.comfia.net/bs/](http://www.comfia.net/bs/)

Boletín de afiliación	Enviar a ➔	3532-0002 CC.OO.	Sinatura
Nome	Ofi.:		
Domicilio			
Poboación	C.P.:		
Cta. de cargo			
			DNI
			Data / /
<small>Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezcan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (http://www.ccoo.es) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.</small>			